

Alcaldía do Concello de Redondela

**Ref.:** A-PO-2023/119C

**Asunto:** Notificación de resolución

A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, o 14.03.2023, ditou a resolución que se transcribe:

“RESOLUCIÓN SOBRE A SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS NAS ZONAS DE SERVIDUME DE PROTECCIÓN E TRÁNSITO DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE NA RÚA SALGUEIRAL, NO LUGAR DE VILAVELLA, NO CONCELLO DE REDONDELA (PONTEVEDRA)

Expediente: A-PO 2023/119C

Logo de examinar a documentación que consta no expediente instruído, ao abeiro do establecido na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas (LC), no Regulamento xeral de costas, aprobado polo Real decreto 876/2014, do 10 de outubro (RXC), na Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (LOLGA), no Decreto 97/2019, do 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG), no Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico (PBA), no Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POL), que segundo a LOLGA pasará a denominarse Plan de ordenación costeira de Galicia (POC), e á vista dos informes do Servizo de Urbanismo de Pontevedra, resulta:

SERVIZO DE URBANISMO  
XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA  
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Avda. María Victoria Moreno número 43, 4º  
36003 Pontevedra  
T. 986 805 650  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## ANTECEDENTES

1. Con data 13.05.2023 tivo entrada no rexistro do edificio administrativo de Pontevedra da Xunta de Galicia a remisión polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra da solicitude de autorización do Concello do Redondela para a realización de obras parcialmente nas zonas de servidume de protección e tránsito do dominio público marítimo-terrestre (dpmt) consistentes na reurbanización da rúa Salgueiral e a súa continuación pola rúa Ernestina Otero, no lugar de Vilavella, no Concello de Redondela, provincia de Pontevedra.
2. As actuacións para as que se solicita autorización na parte afectada polas nas zonas de servidume de protección e tránsito do dpmt consisten, segundo o "Proyecto de reurbanización de la Rúa das Cardosas, la Rúa Salgueiral y su continuación por Avenida Ernestina Otero en Vilavella, Redondela" asinado o día 31.03.2023 polos arquitectos Juan Bautista Pons Herrera e Lucas Gándara Álvarez, na reurbanización da rúa Salgueiral e o seu entronque coa avenida Ernestina Otero mediante a retirada de mobiliario urbano existente, a demolición de pavimentos e escaleiras, o desmontado de redes de instalacións de abastecemento, a escavación de gaviás e a instalación das novas redes de servizos e as súas cometidas ás edificacións lindeiras, o acondicionamento do terreo con estendido e compactado do material procedente do fresado do asfalto e achegado de terras para as zonas axardinadas, o pavimentado das zonas de rodadura e peonís con distintos pavimentos, a instalación de axardinamentos e mobiliario urbano e a sinalización viaria.
3. Coa solicitude, o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra achegou o informe vinculante previsto no artigo 50.1 do RXC e no artigo 11.2.b) do Decreto 97/2019, que foi emitido e acompañado do plano de deslinde da zona con data 12.05.2023 (ref. ASP/36/19/06/22), no que se facía constar o seguinte:

*"[...] Las obras que se pretenden realizar, según el informe de nuestro personal técnico, se ubican en terrenos de Dominio Público Marítimo-Terrestre y en terrenos afectados por las Servidumbres de Tránsito y Protección.*

*- Emitimos informe favorable en la parte de la actuación propuesta que afecta a la Servidumbre de Tránsito.*

*- Nuestro Servicio de Costas tramitará el título administrativo correspondiente de aquella parte de la actuación ubicada en Dominio Público Marítimo-Terrestre.*

SERVIZO DE URBANISMO  
XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA  
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Avda. María Victoria Moreno número 43, 4º  
36003 Pontevedra  
T. 986 805 650  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



- El deslinde está aprobado por Orden Ministerial de fecha 29 de noviembre de 2007 [...]”.

4. Mediante oficio asinado con data 17.11.2023 solicitouse ao Concello de Redondela a emisión do informe previsto nos arts. 152.6 do RXC e 11.2.a) do Decreto 97/2019. O día 22.11.2023 recibíuse un oficio asinado o mesmo día pola alcaldesa co que achega o informe asinado polo arquitecto municipal o día 06.07.2023 no que en relación coas actuacións obxecto deste expediente se indica:

*”[...]CALIFICACION URBANISTICA: Solo Urbano de Ordenación Non Vinculante. Vías públicos e zoas vedes de uso público[...]*

*[...]A obra proxectada discurre segundo Inventario Municipal vixente parcialmente por camiños e vías de carácter público (rúas Cardosas e Salgueiral).[...]*

*[...]emítese Informe de Supervisión FAVORABLE[...]*”.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. O expediente tramítase de conformidade co establecido na LC, no RXC, na LOLGA, no Decreto 97/2019, na LSG, no RLSG e no POL.

Segundo o establecido na disposición transitoria primeira da LOLGA, as disposicións desta lei serán de aplicación aos procedementos de obtención de títulos habilitantes de usos e actividades sobre o litoral que se inicien a partir da súa entrada en vigor (02.08.2023), polo que non é aplicable neste caso.

2. Segundo as Normas subsidiarias de planeamento do Concello de Redondela, (NSP) aprobadas definitivamente o 06.11.1987, a zona na que se pretenden executar as obras de referencia está clasificada como solo urbano. Conforme á DT.1ª.2.a) da LSG, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.

Está incluída nunha área continua de ordenación, segundo a cartografía do POL, e está comprendida nas zonas de servidume de protección e tránsito do dominio público marítimo-terrestre, definidas e reguladas nos artigos 23 ao 27 e DT 3ª da LC e artigos 44 ao 52 e DT 8ª, 9ª e 10ª do RXC.

3. Consonte a lexislación de costas vixente, calquera tipo de obra, instalación ou actividade a realizar na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre está suxeita á obtención de autorización deste organismo da administración autonómica, con carácter previo ao seu inicio (artigo 26 da LC, artigo 49.1 do RXC e artigo 3 do Decreto 97/2019).

SERVIZO DE URBANISMO  
XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA  
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Avda. María Victoria Moreno número 43, 4º  
36003 Pontevedra  
T. 986 805 650  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



O art. 50.3 do RXC establece que no caso de que as obras, instalacións ou actividades obxecto da solicitude de autorización incidan ademais sobre terreos sometidos á servidume de tránsito, dítarase unha resolución única por parte do órgano competente da Comunidade Autónoma, que deberá recoller preceptivamente as observacións que, a ditos efectos, e no seu caso, formulase o Servizo Periférico de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ao emitir o informe ao que se refire o apartado 1.

No informe do Servizo Provincial de Costas do día 12.05.2023 sinálase: "*Emitimos informe favorable en la parte de la actuación propuesta que afecta a la Servidumbre de Tránsito*".

Os artigos 25.2 da LC, 47.1 do RXC e 3.1.a) do Decreto 97/2019, establecen que con carácter ordinario só se permitirán na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, as obras, instalacións ou actividades que, pola súa natureza, non poidan ter outra localización como os establecementos de cultivos mariños, as salinas marítimas ou aqueles que presten servizos necesarios ou convenientes para o uso do dominio público marítimo-terrestre, así como as instalacións deportivas descubertas.

As actuacións que se pretenden realizar na parte afectada polas zonas de servidume de protección e tránsito do dpmt consisten na reurbanización da rúa Salgueiral e o seu entronque coa avenida Ernestina Otero mediante a retirada de mobiliario urbano existente, a demolición de pavimentos e escaleiras, o desmontado de redes de instalacións de abastecemento, a escavación de gavias e a instalación das novas redes de servizos e as súas cometidas ás edificacións lindeiras, o acondicionamento do terreo con estendido e compactado do material procedente do fresado do asfalto e achegado de terras para as zonas axardinadas, o pavimentado das zonas de rodadura e peonís con distintos pavimentos, a instalación de axardinamentos e mobiliario urbano e a sinalización viaria.

4. Conforme ao establecido nos artigos 49.3 e 111.5 do RXC as autorizacións deberán respectar o planeamento urbanístico en vigor, cuestión que debe ser determinada polo concello, no exercicio das súas competencias urbanísticas.

A tal efecto solicitouse o correspondente informe municipal, previsto no artigo 11.2.a do Decreto 97/2019, sendo remitido o informe asinado polo arquitecto



municipal o día 06.07.2023 onde se sinala: "[...] emítese Informe de Supervisión FAVORABLE [...]".

5. O artigo 3.2 do POL establece que este plan non será de aplicación nos ámbitos clasificados como solo urbano consolidado ou solo de núcleo rural polo planeamento en vigor.
6. Consta no expediente o informe técnico favorable do Servizo de Urbanismo de Pontevedra.
7. A competencia para resolver o procedemento de autorización administrativa na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre correspóndelle á directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de conformidade co establecido no art. 13 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (actualmente Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

Á vista do exposto e da proposta do Servizo de Urbanismo de Pontevedra, RESOLVO:

PRIMEIRO.- OUTORGAR ao Concello de Redondela a autorización da Comunidade Autónoma de Galicia na parte afectada polas zonas de servidume de protección e tránsito do dominio público marítimo-terrestre para a realización das obras consistentes na reurbanización da rúa Salgueiral e o seu entronque coa avenida Ernestina Otero, no lugar de Vilavella, no Concello de Redondela, provincia de Pontevedra, segundo o "Proyecto de reurbanización de la Rúa das Cardosas, la Rúa Salgueiral y su continuación por Avenida Ernestina Otero en Vilavella, Redondela" asinado o día 31.03.2023 polos arquitectos Juan Bautista Pons Herrera e Lucas Gándara Álvarez; e coas seguintes condicións:

1. Durante a execución das obras deberanse adoptar as medidas necesarias tanto para garantir a integridade do dominio público marítimo-terrestre e as súas zonas de servidume –con especial atención a evitar o vertedura de materiais contaminantes co medio natural–, como a seguridade de persoas e bens, balizando e sinalizando convenientemente a zona de traballo e adoptando as medidas de seguridade e hixiene aplicables a este tipo de actuacións.
2. As obras autorizadas deberán iniciarse nun prazo máximo de catro (4) meses, e deben quedar finalizadas nun prazo de dous (2) anos. Unha vez

SERVIZO DE URBANISMO  
XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA  
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Avda. María Victoria Moreno número 43, 4º  
36003 Pontevedra  
T. 986 805 650  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



transcorrido o dito prazo quedará sen efecto esta autorización, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta da LC.

3. Esta autorización sectorial outórgase sen prexuízo da necesidade de obter os títulos habilitantes municipais e demais autorizacións e informes preceptivos, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo os artigos 13.3 e 12.3 do Decreto 97/2019, respectivamente.

SEGUNDO.- Notificar aos interesados a resolución, indicando que o Concello de Redondela poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, contados dende o día seguinte ao da recepción desta resolución sen prexuízo da formulación, se é o caso, do requirimento previo en igual prazo previsto no artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa.”

O que se lle comunica para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Pontevedra, data do asinamento dixital  
A xefa do Servizo de Urbanismo  
Susana Rivadulla López

